

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VIII — NÚMERO 197 — 1.º FEBREIRO 1924

As Diputaciós provinciais

Non foron disoltas as Diputaciós. Foron botados d'elas os que as viñan ocupando e facendo dende aquel posto o caciquismo noxento que sempre combatimos. Mais non creemos nós que con eso quedou xá todo resolto.

A continuación de seren botados os que as ocupaban debe vir a disolución do organismo como cousa antinatural e ridícula que en troques de favorecer a boa administración difíciltaa grandemente, ademais de seren entidades que non teñen dereito a existir por múltiples razóns que mil veces expuxemos.

Non creemos nós que a cousa fique arranxada con un "sácate tí e póñome eu".

Fai falla algo mais que eso se de veras é certo que agora a administración e o bon goberno van marchar pol-o bon camiño.

E necesario que sexan disoltas as Diputaciós por non cumpriren ningunha finalidade práctica e seren un entorpecimento enorme para a administración nacional e para o conqurimento de libertades rexionás, siquera sexa somentes no orde administrativo.

O noso pensamento encol de asunto de tanta importancia para a nosa Galicia expusémoslo moitas veces e atópase admirablemente reflexado no libro do noso irmán Peña Novo "La Mancomunidad Gallega", no que o seu autor dá solucións que aínda que fosen levadas á práctica non atenderían en nada á "unidade hespañola" nen significarían separatismo de ningunha crás. Os problemas hai que os afrontar frente a frente, e a toda presa e da millor maneira posibre e benficioza.

Como o feito agora é de índole interina compre agardar a ver qué solución se lle dá ao problema rexional e logo falaremos.

Pol-o de pronto e como o decreto a autoriza quixéramos que as catro Diputaciós galegas pediran a creación da nosa Mancomunidad, orgaismo rexional de fonda importancia para o porvir da Terra Nai. Sería o millor que agora poderíase facer e así quedaría para Galicia un grato recordo d'esta situación de interinidade. Que así sexa.

OS IDIOMAS REXIONAES

Cataluña e Galicia

Traducimos da "Correspondencia de España", referíndose á Real orden do 21 do pasado sobre reglamentación do ensino das linguas rexionaes:

"A doutrina mantida parécenos acertada por se axustar ao actualmente lexislado no noso país. Nos centros oficiais non poden ensinarse mais idiomas que aqueles sinaladamente autorizados nos nosos plás vixentes do ensino superior. Os razónamentos que na R. O. se fan son craros e incontrovertibles. Mais tamén é d'unha equidade suprema o que na mesma se consina respecto do ensino, na orde

privada, de dialeitos e linguas rexionaes, que é libre, "porque non existe ningunha disposición que o prohiba".

Con arreglo ao agora disposto, suprimíranse os cursos de Gramática catalá que se daban dende 1916 na Escola Normal de Maestras de Lérida. En troques é xusto que se permitan os cursos de Gramática e Literatura catalás que íbanse inaugurar na Asociación Proteitora do ensino catalá en Villafranca, e que foron suspendidos pol-a autoridade local antes, craro está, de que publicase a "Gaceta" a derradeira disposición superior, que restabrece a reita doutrina en materia do ensino, distinguindo a oficial da privada.

En nota oficiosa, non hai moito tempo, o propio presidente do Directorio ponderaba as galas da literatura catalá. E rindir xusticia á un renacemento cultural portentoso. Das letras catalás non se poden sentir orgullosos os catalás, senon que nos sentimos orgullosos todos os hespañoles. Unha literatura que deu dramaturgos de tanta sona como Guimerá e como Iglesias, poetas de tan excelsa inspiración como Verdaguer e Maragall, novelistas do talento e mestría de Narciso Oller e Víctor Catalá, merez, non sómente respecto cariñoso, senon unha entusiasta admiración. Non só non se deben de poñer trabas ao seu desenvolvemento, senon que debe de se estimulare con toda sorte de aprausos. Sempre será a obra que alí se produza un manífico patrimonio espiritual de Hespaña. As letras catalás que obtiveron un período de sumo esplendor, debémoslle o homenaxe que tamén rindimos ás letras galegas, que deron líricos tan admirabres como Rosalía Castro, Pondal, Losada e Curros Enríquez. ¿E que Francia non considerou á Mistral coma un dos seus xenios nacionaes mais escrarecidos? En Francia tén un ambiente nacional de simpatía o felibrismo provenzal e a lírica bretona".

Comprácenos ver que algún diario madrileño reconozca a xusticia do dereito que temos catalás e galegos para desexar a grandeza da nosa literatura particularísima, que por ser na nosa fala é a única que podemos chamarlle verdadeiramente "nosa".

UN CASO

Non pode ser d'outro xeito

Un individuo, que non tén certamente as nosas ideas rexionalistas, queixábase de que lle fora devolta unha carta coa nota de "Dirección insuficiente", cando él puxo a dirección esata crara e escrita no idioma hespañol.

A casualidade puxo nas nosas mans o sobre consabido que dicía así:

"Sr. D. Antonio Zarza.

El Roble (Olleros).

E vimos craramente o erro, debido quizais ao bon desexo hespañolista do individuo de referencia; mais, non puidemos menos de lle dicir que *As cousas son como son e non como alguns queren que sexan*. Estamos en Galicia, e non valen traducciós mais ou menos tendenciosas, inda que

Este número foi sometido á censura militar

sexan para pasar pol-as mans de empregados do Estado.

Se o señor amante do idioma oficial o deixara á un canto por esta vez e empregara o galego, a dirección sería:

“Sr. D. Antonio Silva.

O Carballo (Oleiros)

e a carta chegaría sen dúbida á seu destino.

O ARTE MUDO

A primeira película galega

Temos ollado a película que a empresa “Celta Film” está dando a conocer adaptada da opereta “Maruxa”, de Vives e Frutos.

Se non pode pedir mais para o que a obra é con un argumento deficiente e insulso que dende logo millora moito posta en cine, xá que dá motivo mais que para o desenrolo da obra para facer desfilan pol-a pantalla lugares fermosos da Galicia e tipos da Terra. A interpretación é bastante floxiña, excepción feita da protagonista, que o fai moi en carater e axeiándose bastante ben ao tipo que representa, que ao fin resulta, como no libro de Frutos, non ser moi galego que digamos.

Por enriba de todo e para nós é o mais significativo e meritorio é o estar feita cos títulos en galego, cousa até o de agora desconocida. Este feito coidamos sobresale por riba de todos. Merecen por elo unha entusiasta embora a empresa “Celta Film” e o noso irmán Lúgris Freire, que foi quen adoptou ao noso idioma os titulares, que son moitos e ben cuidados de léxico, dando motivo con esto para o maior desenrolo e conocimiento da lingua galega.

Como ensaio pódese afirmar que non poido ser millor o éxito e quixéramos que agora, despois d’este intento, seguíanse facendo mais e termando de escoller millor as obras e de carater e sabor mais da Terra.

Pol-o de pronto imos nós indicar algunhas que resultarían ademirablemente por seren obras grandes, de intensidade e beleza e sabor todo fondamente galegos.

Son “A Virxe do Cristal”, o fermoso poema do gran Curros; “Los hidalgos de Monforte”, a emocionante novela histórica e Benito Vicetto, e “O Mariscal”, a grandiosa traxedia de Cabanillas e Villar Ponte.

Calqueira das tres ou millor as tres xuntas chamarían fondamente a atención non somentes aquí senón en todas partes e dende logo temos por descontado o seguro e indiscutible éxito. Outras mais poidera haber, pero queremos somentes citar estas tres que coidamos indicadísimas.

Sabemos por bon conducto que o argumento para “A Virxe do Cristal” está facéndoo xá un apraudido e conocido autor dramático.

Tén a palabra a “Celta Film” e a ver se é posíble conquistar que cousas tan nosas e tan fermosas poidanse dar a conocer en todas partes valéndose para elo d’un medio tan práctico e indiscutible como é o cine.

Falan os nosos

“Sí; creo e confeso que Galicia é unha rexión natural, non produto da vontade dos homes senón formada por elementos xeográficos, etnográficos, lingüísticos e históricos perfectamente definidos e caracterizados. Non é filla do capricho d’un monarca ou d’un palramento, senón da mesma Natureza; é rexión de por sí, *pol-a gracia de Deus*. E sendo un organismo natural, a súa personalidade debe ser reconocida e respetados os seus elementos. Esa é a obra de

xusticia que agardo dos actúas gobernantes, que se deduce das súas manifestacións e co’a que correxirán a inveterada e inaudita torpeza dos seus devanceiros.

Pensar en facer unha Hespaña grande con rexións débiles e mutiladas é como pensar na formación d’un exército poderoso con soldados valetudinarios e enfermos.

Admiro como quen mais a riqueza e a pompa da fala castelán, na que pódome entender con multitude de pobos irmáns; pero quero para a língoa do meu país natal, para a língoa de Galicia, os fueros que de xusticia lle corresponden.

Por eso leín con viva satisfacción as frases de respeto que para as línguas rexionás tivo o xefe do Directorio.”

SALVADOR CABEZA DE LEON.

(Do discurso pronunciado en Ferrol o 19 de Outono de 1923).

★

Verbas do noso patriarca

“Non consintamos que chegue un tempo en que para conocer a nosa brillante literatura medioeval, teñamos que estudar, como unha língoa morta, a que falaban os nosos pais. Sexamos de novo fillos de Johan Arias, de Pedro da Ponte, de Bernal de Bonaval, de Airas Núñez, de Abril Pérez, de Alfonso do Cotón, de Lopo Lias, de Payo Gómez Charino... de tantos outros trovadores e xuglares como no século XIII fixeron resoar nas cortes de León e Castela, a lira de Galicia, unindo, á dozura d’unhas almas a ela propicias, a da língoa, entón inmortal, en que se expresaban.”

MANUEL MURGUIA.

FESTAS GALEGAS

TOXOS E FROLES

Como dixemos, este popular e notabre coro ferrolán celebrou un festival que outivo un grande éxito, tanto que houbo necesidade de repetilo para compracer ao público.

O coro estivo como sempre ben, mais entre as cousas que cantou meteron como de matute aquela célebre “Pepita”, da que tanto abusaron algúns orfeós en tempos pasados, e francamente, non hai dereito á que un coro rexional, que debe adicarse por enteiro á nosa música, salla con cousas como esa, que nin é galega nin é siquera unha obra bonita e de mérito. Os simpáticos ferroláns deben tér coitado coa escolleita se non queren ir por camiños tortos que os conduzan ao fracaso.

A esición de declamación estrenou unha obríña orixinal do segredario de honor do coro D. Luis Amor, que non desgustou. Trátase d’unha comedia escrita con cariño, en forma seria que revela os bos desexos e a sana orientación do Sr. Amor, ao que se continúa traballando con entusiasmo e fé, seguramente apraudiremos mais veces con verdadeira satisfacción.

As señoritas María Gutiérrez e Concepción Aneiros, e os Sres. Gonzalo Moreno, Xosé Lizandra, Manuel Simón e Guillermo Suárez, foron os encargados de lle dar vida á obra, cumprindo discretamente.

Os días 25 e 27 celebróu dúas festas no teatro Linares Rivas, da Cruña, e o 26 outra en Santiago.

Xa temos ouvido cantar mellor e cousas mais bonitas e mais enxebres á este coro, que samente gustounos da derradeira parte do festival, cando baixo a dirección do noso

amigo Xosé Edreira cantou á catro voces, moi ben por certo, varias composicións orfeónicas.

E lástima que a obrinha "Dous amores" esté dividida en tantos cuadros. As esperas pol-a mudanza do decorado perxudicárona moito. O que mais gusto d'ela foi a escena da fiada.

Representouse tamén "Na corredoira", de Xavier Prado, e "O corazón d'un pedáneo", de Leandro Carré, que foron moi apraudidas. As dúas xa son ben conocidas. A interpretación, inda que os rapaces traballaron con boa vontade, non foi todo o boa que quixerámos.

A señorita Rita Cordal cantou con voz agradable "Un adiós a Mariquiña" e "Como foi?", sendo moi apraudida.

Houbo dúas notas para nós algo ridículas. A primeira cando un representante do coro cruñés "Cántigas da Terra" fixo entrega ao coro ferrolán d'unha corbata para a bandeira, falando torpemente....."que mesmo daba *güemo* ouvir", dándose ao mesmo tempo algúns vivas extemporáneos.

A outra foi o final, a tradución da vella "Pepita", que n-unha festa galega non encaixa; que fixo rir á gran parte do público, inda que o coro a cantara ben.

¡Ah! Tampouco se deben presentar nenños como bailarís de muñeira. Daba pena velos, e inda que moita xente apraudiu, é un espeitáculo pouco... artístico.

O teatro abarrotado como non podía deixar de soceder tratándose d'un coro que conta tantas simpatías nesta cidade.

A nosa embora.

CANTIGAS E AGARIMOS

Tamén este coro de Santiago realizou outra festa o día 19 do pasado.

A seición de declamación interpretou moi ben o gracioso sainete "Vaites, vaites...", orixinal do noso distinto amigo D. Ricardo Frade Giráldez, que foi moi apraudido.

O coro cantou con gusto e afinación, resultando unha festa agradabilísima.

Entre as novidades que interpretou o coro figurou "O quèr que lle quèr", do maestro Farto, que gustou moito e foi repetido á petición do público.

En Vigo e Villagarcía celebróu esta agrupación outras dúas festas que foron dous eisitos mais.

ESCOLA DRAMATICA GALEGA

Encomenzaron os ensaios d'esta notabre agrupación artística que tantos éisitos leva conqueridos.

Vense estudando o fermoso drama en tres actos "Maireiras", de Lugrís, e a obra tamén en tres actos "O Engano", de Leandro Carré.

Tamén se estudarán logo algunhas das obras presentadas ao certame celebrado por esta Irmandade da Fala.

En poucas verbas

"Anvipo" publicou un artigo en "Galicia", de Vigo, onde arremete contra os apolíticos e o apoliticismo.

Romata decindo: "Corren aires simplistas; pero nosotros, por lo menos, queremos preservarnos de ellos".

¿Pero en qué quedamos? ¿Non eras tí un acérrimo defensor do apoliticismo non fai aínda un ano?

Hai que ver, señores, como cambian certos homes.

Non chames simples aos demais sendo tí o único simple n'este caso.

¿Qué buscará agora o "camaleónico" Anvipo, que de tres anos acá trocou varias veces de maneira de pensar?

Tí pensas que non te conocen e eres d'abondo conocido.

Vaites, vaites con Antónito. ¡Pero que pouca vergoña téis!

FOMENTANDO O INSIÑO

As Escolas da Irmandade

O xefe do actual Goberno ten dito en varias ocasións que *se robustecería a personalidade das rexións e que habería respecto para as linguas rexionales*.

Así o creímos sempre, non só por ser unha cousa xusta senón tamén por ser indispensable. E un feito que a maioría da xente en Cataluña, Galicia e Basconia non falan castelán, como tampouco o falan en Andalucía, inda que os andaluces non teñan tampouco o que se chame un idioma propio, como os anteriores. Non é, pois, doado facer que de pronto, por cumprir c'un mandato, todos eses milleiros de persoas rompan á falar nunha forma allea á eles, ao que os seus pais lles ensinaron, ao que a mesma natureza lles dispuxo que falasen. E lóxico, é xusto, que haxa respecto para eses idiomas que veñen de séculos, que son a expresión d'aqueles pobos que deben merecer aos demais os mesmos dereitos e os mesmos respetos que queren para sí.

Así o pregoa tamén a Real orden do 21 de Nadal publicada na "Gaceta" do 29 que no seu preámbulo di:

"Considerando que no existe ninguna disposición que prohiba en el orden privado la enseñanza de dialectos o lenguas regionales, por lo que sin incluirla en los establecimientos docentes oficiales pueda considerarse su enseñanza y práctica particular."

Pol-o tanto nas "Escolas do Insiño Galego" temos perfeitísimo dereito á cultivar o noso idioma, que tantos froitos leva dado va na nosa literatura, e que tantos aínda pode dar.


Pol-o demais, xa é sabido que, nas escolas, que axiña se abrirán, faráse o insiño no idioma hespañol, pois entendemos que mellor é saber dous idiomas que un só, e que pol-o de hoxe para o estudo é indispensable facelo así, inda que tamén por ser necesario faranse algunhas espricaciós en galego para que os nenos poidan comprender mellor as cousas.



Van por tan bon camiño as xestións do Comité fundador d'istas Escolas, que xa encarregou o utensilio preciso para as mesmas, e si, como é d'agardar, todol-os galegos que levan o patriotismo mais arraigado que nos beizos acuden a iscribirse como socios proteitores, axiña inauguraremos as primeiras crases.

Ao final d'istas liñas publicamos a segunda lista de proteitores para que sirva de exemplo a aqueles que aínda non se teñen decidido a axudarnos na patriótica obra de matal-o analfabetismo en Galicia e lles faga pensar na insignificancia do sacrificio, xa que a cuota mínima mensual é inferior ao valor de catro cigarrillos diarios que han de se trocare en fume.

- D. Manuel Acea, da Cruña, 2 pesetas.
- D. Euxenio Estrada, 2.
- D. Armindo Mariñas, 2.
- D. Xosé Lamas, d'Ourense, 2.
- D. Miguel de la Prieta, da Cruña, 2.
- D. Manoel Portela Valladares, de Barcelona, 25.
- D. Gumersindo Pereira, da Cruña, 5.
- D. C. Pazos Vidal, da Seo de Urgel, 3.
- D. Cesáreo Rodríguez, de Barcelona, 2.
- D. Antón Cajarville, de ídem, 3.
- D. Francisco M. Balboa, da Cruña, 5.
- D. Xosé Crecente, ídem, 2.
- D. Alfredo Somoza, ídem, 2,50.
- D. Xosé Marchesi, do Burgo, 2.
- D. Carlos Sabrino, de Vigo, 2.
- D. Vicente Risco, d'Ourense, 2.



CERTAME DE OBRAS DRAMATICAS

Fallo do Xurado

Leídos, con todo o coidado que require unha labor d'esta índole, as obras presentadas ao noso Certame dramático, o Xurado acordou conceder o premio consistente en 250 pesetas, ao drama en tres actos e en prosa, titulado

OS HIRMANDIÑOS

por ser o que tanto pol-a beleza da forma e do asunto, pol-a pureza do léxico, e pol-a técnica con que está urdido, reúne as cualidades todas que fan d'esta obra un drama de mérito que ven enriquecer o noso xa vizoso teatro galego.

Aberto o sobre, resultou ser autor d'este fermoso drama D. Xaquín López Riobóo, ao que lle enviamos o premio coa nosa mais efusiva felicitación pol-o seu merecidísimo trunfo, que nos fai agardar outras obras do mesmo mérito se este éxito o alenta a seguir laborando no campo das belas letras.

Por ver condicións moi estimabres nelas, o Xurado adica unha mención de honor ás dúas obras seguintes:

O ROMANCE DE DON GALEOR, e DESOUARENTACION

das que son autores, respectivamente, D. Fermín Bouza Brey e D. Fernando Osorio do Campo.

Por último, considéranse representabres estas outras obras:

Ao Luar, orixinal de D. Carlos Vázquez 'da Pena.

Lenda Tráxica, orixinal de D. Antonio Ribeiro Conde.

Un morto que trai a vida, orixinal de D. Manuel Mosquera Vidal.

Os consellos do abô, orixinal de D. Luis Fernández Gómez.

As demais obras poden ser recollidas pol-os seus autores. Sentimos non poder dalas a conocer, mais non é nosa a culpa, senon sua por non se decatar de que o teatro é unha manifestación de arte.

Foi un grande éxito a organización d'este certame, que nos alenta a organizar outro para este ano, na seguranza de que os concursantes de agora e outros mais, traballarán con cariño e fé para mellorar, para facer que o noso teatro sexa unha verdadeira manifestación de arte, grande e noble, que dé novo resplandor à Literatura galega.

A preparar, pois, con tempo, e cò pensamento ergueito, as obras para o certame d'este ano. Axíña publicaremos as bases. Os premios para este novo certamen serán varios e haberá dous temas: un dramático e outro cómico.

LECTURAS

La lucha antituberculosa en Galicia.—E. Hervada.

O afamado médico cruñés e querido amigo noso D. Enrique Hervada, acaba de poñer à venda un interesantísimo libro cuio título encabeza estas liñas e do que nos ten enviado un exemplar cariñosamente adicado.

Estuda n'él, de maneira documentadísima e concienzuda, o desenrolo que na nosa terra tén a terrible doenza e de canto se ven facendo en contra do seu propagamento. Contén varias estadísticas onde dá a conocer as comarcas e pobos que mais atacados están da tuberculosis e expón as causas que motivan a existencia en Galicia d'aquela enfermidade. Achácaos principalmente à emigración, ao servizo militar e à falla de cuidados e hixiene familiar. Pubrica varias opinións de doctores ilustres encol de cales son os climas mais propensos para o desenrolo da tisis e moitas de difrentes médicos galegos de diversas comarcas de Galicia acerca do grado en que aquela atópase nos sitios onde exercen e das causas da súa existencia.

Numera os sanatorios e dispensarios que hai hoxe en Galicia, decindo que o de Oza é un dos millores de España e abogando porque se intensifique fortemente a súa creación para combatir, con outros medios que cita, o progreso da tuberculosis na nosa terra.

O libro de Hervada é fondamente interesante e d'unha comenencia enorme a súa lectura, que sinceramente recomendamos. Libros como éste non debían faltar en ningunha casa, por resultaren fortemente prácticos e instructivos e d'unha utilidade que non é preciso encarecer tendo en conta o alto fin humanitario con que foron feitos e o ben común que persiguen.

Ao dar as gracias ao Sr. Hervada pol-o seu envío, enviámoslle tamén unha sincera e cordialísima embora e felicitación pol-o seu traballo, que está conquerindo o éxito grande que xustamente merece. O libro véndese en todas as librerías ao precio insignificante de tres pesetas.

Antología portuguesa.—Lisboa.

Recibimos un novo volume d'esta notabilísima antoloxía, honra da literatura lusitana, o tomo décimo-nono, consagrado ao gran novelista Antero de Figueiredo, un dos mellores prosistas con que conta na actualidade o país irmán, é un valiosísimo libro pol-o selecto dos traballos que nel figuran; páxinas que non só recrean, mais admiran e ensinan.

Entre os trechos admirabres, figura un que para nós ten o dobre interés de referirse á un persoaxe galego o "Assassinio do conde Andeiro", aquel nobre que na Corte de Portugal morreu treidoramente asesinado.

A escolleita e distribución das páxinas d'este volume, así como as notas preliminares bibliográficas e biográficas de Antero de Figueiredo, son do noso distinto e admirado amigo Sr. Agostinho de Campos, socio correspondente da Academia de Ciencias de Lisboa, e un dos mais traballadores e talentosos homes da nación portuguesa.

A él dámoslle os nosos mais peñorantes agradecimentos pol-o seu presente estimadísimo, que ven á enriquecer a nosa biblioteca.

CONTOS DA TERRA

Un milagre do santo San Francisco

I

N-en aquel tempo... tempo de aceso misticismo, en que nas ñotas fonduras do ceo, aloumiñaba a roita lírica e devota das peregrinacións a prata poeirada do camiño de Sant Yago o Sr. San Francisco andaba errante pol-os vieiros do mundo saturando na dozura da natureza aquela súa alma cándida e fraternal que arelaba fuxir das mouras prisións da carne para se espallar coa renunciación d-un máxico encenso divino encol das maravilleiras obras do Creador.

O santo asceta sentía gravitar encol do seu corazón inframado da divina gracia a man bendita de Deus, man que acariña co mimo de nai os iscialismos do espírito ensonador, e castiga con forza de tirán as concupiscencias do corpo que han xantal-os vermes, e fidel aos outos desíños de El Señor, sen vontade própea, anulado de todo impulso individual o gregorioso patriarca deixábase guiar coma un cequiño, encol das trebas y-as espiñas d-iste val de bágoas que chamou Pedro Mozozzo.

Hoxe n-un sitio, mañán n-outro, arreo camiñaba de vagar, mantido e coidado pol-o ceo coma as aves no campo y-os peixes no mar.

Asina andando, andando, sen rumbo nin vieiro determinado, atopouse unha fría mañán de choiva, acarón da vella cidade de Santiago de Compostela, no cumio do monte Pedrouso, camiño y acougo das longas teorías atritas de romeiros de todol-os países do mundo conecido.

Preto de alí había unha homilde chouza de carboeiros na que demoraba un labrego chamado Cotolay, home inxenuo, probe e bó, cal todo desherdado da fortuna versatil.

E axiña que o santo coneceu que era mandado de Deus que alí reparase as suas forzas, entrou decontado pol-a porta falando co seu xeito homildoso y-agarimante cal o babuxar cristiaino d-unha fonte milagreira.

E dixo o Sr. San Francisco

—Irmán labrego, un probe peregrino e servo indiño do Señor, prégame hospitalidade.

E dixo Cotolay

—Ben chegado sexa á miña probe morada o romeiro

que Deus foi servido me mandar, e que de tal xeito ven honrar e compartir a miña probeza.

E dixo o Sr. San Francisco

—O ceo na súa infinda sapencia, saberá premiar a nobre caridade da tua alma.

E dixo Cotolay

—Ben premiado fica o probe traballador, de poder servir ao camiñante.

E dixo o Sr. San Francisco

—¡Que a benzón do outísimo sexa encol d-esta boa casa. E houbo un longo silencio de pregarias coma un ledo repinicar de prata. Aquelas duas almas que nasceron para ser irmáns, loubaban en acesas foulas de amor a Deus noso señor.

A campia aterecida, baixo o levián orballo bateal envolvíase no seu tépedo agarimo cal n-un cincento sayal de homildades.

E daquela que o santo houbo ben acougado, marchou monte abaixo a axionllarse carón da tomba do apóstolo Sant Yago, patrón da terra galega.

II

Mediaba a noite. No árido silencio das outas horas, cheas de misterio e invisibles presenzas d-outro mundo. O Sr. San Francisco, achábase en éxtase falando con Deus.

Unha lampariña, proyeitaba no muro o seu rixido perfil magro.

Ao seu lado o labrego Cotolay, sobrecollido de respecto e inundado d-un desconecido sentimento, choraba ardentemente bágoas.

Ao cabo d'algún tempo o santo patriarca, cobrou vida n-un salayo de felicidade e voltándose ao labrego faloulle lentamente, debullando as verbas.

E dixo d-esta sorte o Sr. San Francisco

—Cotolay, é mandado de Deus, y-os seus outos decretos teremos de acatar, que ti fundes na cidade un convento pr'os meus frades.

E respondeu Cotolay

—Grande honra fai noso señor ao homilde labrador, mais a miña probeza, non pode comprir este desexo que de agora enche a miña alma.

E falou o Sr. Francisco

O que creou o mundo, e coida con amoroso desvelo de pai, de total-as crianzas, el proveerá.

E dixo Cotolay

Loubemos a El Señor e preguemos sexa servido de nos iluminar.

E aconteceu que ao cabo d-un instante, o santo San Francisco recibiu do ceo inspiración, e collendo n'un curruncho un legon fixo que tomando outro seguiraio Cotolay. E andiveron monte abaixo até se topar xunto a unha fonte, e os dous cheos de fé escomezaron a cavar e atoparon un grande tesouro que moitos seculos levaba alí enterrado.

E foi iste un grande milagre procamado en tod-a cristiandade, pol-o que o probe e homilde Cotolay fundou o convento dos frades de San Francisco.

L. AMADO CARBALLO.

Na Cruña, Outono do 923.

Papel de fumar

N O R O E S T E

As conferencias da Irmandade

Publicamos hoxe a conferencia pronunciada pol-o noso irmán e actual conselleiro d'esta Irmandade Federico Zamora, que mereceu moitas gabanzas.

Contando de antemán co-a vosa benvolencia, ofrecínme ao dño Presidente da Comisión de Cultura e Fala—dista Irmandade—e noso irmán Sr. Carré Alvarellos; non para dar unha conferencia, pois eu endexamais fun conferenciante, e ademais considerome mui pouca cousa para empresa tan xurdia, pero si para ter con vosoutros unha pequena charla que sempre e un motivo de orgullo para min e que cecais sirva de acicate para os demais.

Ista é a primeira vez que na nosa terra fago unha lectura en público, por sel-a primeira, a vos vai consagrada integramente meus queridos irmáns. Nada novo agardedes de min, direivos sómentes aquelas cousas que todos sabedes pero que non por mui sabidas son menos proveitosas, así pois canto eu diga será de nós e para nós. Para vosoutros que cos alentos e fé cega nos seguides en todol-os momentos, que de cote vos estades sagreficando para o rexurdimento da nosa Galicia: Era chegado o momento que quen por azares da vida mais que pol-os seus méritos e feitos figura ao fronte da nosa Irmandade da Fala, era chegado o momento, repito, que me puxera a fala co fato de irmáns que de cote me rodean, e aos que lles fico mui obrigado pol-as defrencias que para conmigo tiveran en todol-as ocasións.

A NOSA APARICION

Rematado este pequeno parrafeo — a modo de preámbulo— que eu coidaba de todo punto necesario, para quitarme un peso d'enriba e ao mesmo tempo desafogar un pouco, vou comenzal-a miña conversa.

A miña conversa será no día de hoxe un pouco esquematizada pol-os tempos que andamos e ventos que corremos, cecais sexa tamén un pouco deslabazada, froito da miña inesperecencia, pero podeades ter a seguranza que canto eu vos poña será unha realidade—realidade miña si, queredes—pero realidade ao fin si queremos continuar a labor da nosa xa groriosa Irmandade que agora mais que nunca ten que contar con homes de rexa e baruda vountade de esprito e concencia asn, desintresados en todol-os momentos e sempre dispostos a pensar muo outo nos destinos que o porvir agarda a nosa Irmandade, a que...a pesar dos pesares, sigue impertérrita o seu camiño trazado e que Nós, ou pol-o menos eu, non sabemos onde rematará aínda.

As Irmandades da Fala xurdiron de súpeto, e xurdiron no preciso momento en que tiñan de xurdir por forza: Era necesario rematar d'unha vez para sempre co isa *sarta* de aldraxes que a cotío nos ceibaban, aqueles que mais debían loubarnos por ser nós a maioría das veces o sostén d-iles. Por outra parte na Galicia víamos que eisi non podíamos continuar un día mais, Galicia se desgaiteguizaba, as nosas costumes perdíanse, as nosas tradicións esquecíanse, a nosa fala perdía terreo nas grandes poboacións, o noso arte ¡Arte Galego! ninguén se preocupaba d'el, a nosa literatura que tan brillante fora n-outrorá pouco menos que perdíase, até o noso teatro que tiña unhos ensaios que permitían abrigar moitos e muy fundadas esperanzas, íbase esmorecendo, xa ningún pintor atrevíase a traspasar aos lenzos ese noso paisaxe por mor de non facel-o ridículo, ¿i escritores? ¿quen se atrevía a facer un artigo na nosa lingoa? contábanse pol-os dedos o sque a elo decidíanse, sómentes os nosos poetas de cando en vez daban sinais de vida.

Por outra parte víamos aos gobernos da Hespaña camiñar de tumbó en tumbó, dabannos leises, mui ben feitas cecais para as outras rexións, palpábamos ben de cerca a morte das nosas grandes e pequenas industrias, os nosos montes se non repoboaban, seguíamos sendo a cincenta da Hespaña.

E víamos que todo isto pasaba, mais ben por apatía que por outra cousa, pois no fondo todos nos seguíamos sendo tan galegos como denantes: E como nós sentíamos a quentura da nai terra, sentíamos unha voz que en segrado nos decía... ¡Erguete e anda...! como nós sentíamos todo isto.

Erguementos, e sin pórnos d-acórdo en ningún momento, un bó día, un día que a Alborada nasceu aínda mais bonita que os

demais un fato de homes, que sintían todo isto, que latexaban nos seus peitos todas istas ideías que cobizaban para a sua terra as maores venturas fundaron as Irmandades da Fala.

As Irmandades da Fala nascidas por un santo sentimento de idelidade e fondo amor á terra nai, foron axiña engrosando as suas filas sin ter un maior reparor en seleccionar aos que querían figurar como tales irmáns, e sómentes tendo en conta o seu pequeno regramento dos Amigos da Fala—que eisi chamouse n-un comenzo—d-iste xeito abonda darlle 'un repasiño a A NOSA TERRA para se decatarse que crás de xentiña tiñamos con nosco.

Craro está que en canto se decataron que isto non era un Centro Gallego, onde se xogara a *los prohibidos*, que isto non era un Centro Gallego onde se facían enchentes para honrar aos nosos groriosos mortos, que isto non era unha cousa sentimental, chorosa e inxenua que eles, mal pocados, coidaran, víferon axiña as baixas dos vividores para ficar sómentes os que temos dereitos propios a ser irmáns da Fala os bos e xenerosos que dixo o noso bardo Pondal.

Así pois, compre deixar ben sentado que a verdadeira labor da Irmandade fíxose dende eiquí para adiante e sómentes cando nos deligamos d-aqueles arribistas comenzo a autuar rexamente a Irmandade da Fala.

OS NOSOS VALORES

Paréceme oportuno o pasar unha pequena ollada aos nosos valores.

N-aqueles tempos foi cando todos coñecimos ao noso home cume, aquel valente loitador chamado Porteiro que a treizeoira morte levounolo cando mais falla nos facía, cando todos necesitabamos mais d'el, Porteiro foi indiscutiblemente o home mais representativo que até o d-agora tivo o noso movemento, era un home enviado do ceo co-a misión beifeitora de conquistar os maores trunfos en col da nosa terra e por ende do noso sagro ideal foi un sementador das ideas...

Tiña na frente unha estrela

Tiña no bico un cantar.

Xunto con el teño que lembrar—de pasada—aqueles que tantos días de groria deron ao noso movemento e que pertenceron a nosa Irmandade.

D. Rodrigo Sanz, o noso representativo e tradicional puro como ningún, quen a pesar dos moitos sinsabores que toda loita trae aparelhada consigo mesmo soupo porse n-un momento dado ao fronte da nosa Irmandade sin se coidar da sua saúde—ben cativa por certo—nin dos anos que enriba de si tiña.

Antón Villar Ponte, a pruma mais enxundiosa que tivo a nosa causa, deixou o seu paso pol-a Irmandade ben resellado nos brilantes escritos que figuran no noso boletín.

Luis Peña Novo, o mais novo valor que sempre tivo a Irmandade, o seu cáldo e fogoso verbo foi por toda a terra d'abondo espallado, alí onde queira que il fale deixa tras de si o terreo ben abonado que ten de dar froito axiña.

(Manoel Lugris Freire, o home de sempre, galego de corpo enteiro, ten 60 anos, e eu dígovos que leva loitando pol-a sua terra tantos anos como de vida ten, é o espello onde todol-os da Irmandade debemos mirar, e o pino mais lanzal que temos no movemento.

Balboa, de todos ben coñecido, ten o seu posto na vanguardia, ben ganado por certo. Home xusticieiro, de concencia san e esprito reuto, os seus consellos temos que tel-os sempre en conta pol-a sua fonda clarividencia que de cote demostrou ao fronte da nosa Irmandade, é sin dúbida algunha o noso facendista.

Trás d'istes homes representativos camiñan de cote un fato de rapaces, un ramillete escolleito, dos que non podería dar nomes sin ficar en esquencemento imperdoable.

Son moitos, forman unha longa ringleira, levan cada un no seu peito un altar, xuntos todos iles e en todol-os momentos fan unha cadea cujos grillons non se esnaquizarían endexamais; e aínda sendo moitos todos iles pensan como un solo home en calquer momento que convén facer unha demostración de calquer xeito que sexa.

A labor que fixemos e longa, e eu esporeina mais adiante, pero votando unha ollada retrospectiva todos nos lembramos d'aqueles primeiros tempos de intensos momentos d'autuación nos que a xente cuaseque se bubraba de nós, chamandonos tolos e outras... *lindzas* pol-o xeito. Hoxe en troques din uns, que imos mui aló, outros que camiñamos demasiado a presa, os máis recoñocen en nos unha forza nova, virxen, puixante e baruda como ningunha, que non se rebaixa nin domea ante ninguén, que camiñamos co-a limpa frente ergueita en pos d'unhos puntos fixos que din que brillan no ceo.

OS NOSOS ENEMIGOS

Tamén temol-os nosos enemigos, e dentro da terra, a maioría d'íles, son aqueles que de cote viviron do favor, que pasaron toda a vida mendigando unha esmola e que non reparou endexamais en tirar de levitas máis ou menos fedentas, en que emparentar agás para que non se rematara a casta dos homes lexicarios que xeneraciós tras xeneraciós viñan arrastrando como cárraga pesada e sin ter en conta que ao xungirse o que arrastraban era unha cadea cuios grillons o pobo desexaba esnaquizar d'unha vez para sempre. Estes son os nosos enemigos que de cote temos e tivemos. Xentes todas elas incapaces de pensar por conta propia, que cando tiñan que decir algo víanse obrigados a votar man *do libro de memorias* do seu tío, en terceiro ou cuarto grado, para poder sair do paso, inda que repitiran unha vez máis a cantinela que os meus abós, xa lle oubiran ao seu tío

Algús d'íles guiaron máis d'unha vez a nave do Estado hespañol, i evos ben certo e por lei natural, señores, que si todos íles estaban valeiros, tiñan de deixar valeira tamén a Patria Hespañola.

O SEPARATISMO

A maior arma con que nos combatían, era o separatismo, campana que sabían mui ben eles como sonaba nos ouvidos dos ñorantes para quen de cote falaban máis como sabedes todos, nosoutros non somos separatistas máis que d-isa xente que de todo se repara de boa gana, menos dos seus postos, pol-a querencia que lles teñen e pol-o estómago que ficaba agradecido.

Pol-o demais, señores, o separatismo, si existe e isto está dito milleiros de veces, e porque defeito total-as rexiós viviron arredadas, gracias ao unitarismo irracional da Hespaña e ao desgobierno dos gobernos que nos rixiron até o presente, e fíxandonos un pouco vemos que aqueles partidarios do Nacionalismo natural—contra a crécia dos centralismos asurdos—somol-os verdadeiros patriotas porque amamol-o propio e amando o propio o todo farase maior, e en tocante ao idioma, ¿quen pode negar que o Castelán será o lazo de unión entre total-as Rexiós Hespañolas?

Pero...¿e que un Vasco, un Catalán ou un Galego, vai sair pol-o mundo adiante sin saber falar o Castelán? Agora fixémonos un pouco e ollaremos que todo iste amor as Terras como se sinte millor e máis fundamente e fora da Patria e sobor todo nas Américas onde total-as Rexiós forman ises nucleos tan poderosos que se chaman Centros Gallegos, Vascos ou Catalás. ¿Pódese negar unha eistencia tal real, tan viva, como isto que a voso xuicio espoño? ¿Pódese negar o carácter rexional de tales entidades? ¿E pódese negar finalmente, o patriotismo d-istes mesmos Centros, cando fixo falla botar unha man ao Estado Español, en suscriciós Patrióticas, en regalo de buques de guerra e outras cousas semellantes que máis de unha vez fixeron en momentos que a Hespaña estaba en perigo? ¿En pago d-isto que recibimos nós?

O QUE NOS QUEREMOS

Nos buscamos o esforzo e axuda das demais Rexiós a favor da redención propia e do conxunto nacional, a nosa Irmandade non pode rifar con ninguén, n-ela collen todol-os que queiran axudarnos a millor sobrelevar a cárraga.

Nosoutros queríamos unha Patria Grande na que fosen soberanos de homes, soberano o Concello, soberana a terra, e soberano o Estado dentro das suas facultades.

Queda, pois, sentado, no devandito que dixeran, o que nos queremos e en vista d-elo, compre decir unha vez máis, que con

nosco poder vir todol-os Galegos, dinos de tal nome, das esquerdas os das dreitas, non para un rebaño máis, senón para que se sumen a nós como homes de voa vountade, conscientes dos seus deberes e dreitos, e sobor todo que se sintan con forzas capaces de quebrar as cadeas que a todos nos oprimeen — as do caciquismo corrompido e as do centralismo retardatario.

Iste ten que ser o noso programa, ista a nosa bandeira, ista a nosa idealidade que lle poidamos mostrar aos nosos enemigos e cando tiñamos into conquerido, recordarlles—ben a miúdo—que nos outros destinos que tiveron e rexiron, ficaba un enorme caixón onde se pechaban cóbregas fantásticas de separatismo que ceibaban cando lles convíña, para asustar aos parvos.

Compre pois seguir loitando e co-a mesma fé para poder abranguer o trunfo, trunfo que non que conquiere con verbas máis ou menos froridas, non faise necesario ir marcando novos puntos a seguir, ou millor dito, nova labor a realizar.

No terreo cultural, inda que levamos moito no noso *Haber*, compre ir pensando no rexurdimento pleno da nosa música, do noso teatro, da nosa literatura, da nosa arquitectura e de todo aquilo que en col do Arte Galego se refire, para eisi estar ben capacitados de todo elo e n-un momento dado poder amostrar as novas xeneraciós que nós predicamos co exemplo.

Non coidades que de todos istes temas, tan intresantes, vou falar hoxe dende eiqui, non xa dixeran nun comenzo que non teño a capacidade d-abondo para poder desenrolar n-ista miña conversa, tantos e tan complexos aspectos da nosa cultura e por outra parte, tamén direivos que a miña conversa será moi pequena, tan pequena que coído vos non cansará, somentes adicarei unhas liñas moitas cortas á cada tema.

LABOR QUE NOS FIXEMOS

A noso Irmandade, como xa todos sabedes—ten unhas seiciós consultivas, con plena autonomía, que axudan a millor sobrelevar a cárraga da directiva, as que a coto espoñen a ista difrentes asuntos xa tratados por aquelas seiciós, e así vemos a grande labor que leva feita a comisión Política co-as suas campañas no agro nas que amostrou unha tenacidade dina de se loubar en todol-os momentos axudada e orientada pol-a seición Agraria.

Con todas istas seiciós, pol-a forma en que fican constituidas, debían, e podían autuar máis a miúdo e con algo máis de cobiza en casi total-as ocasiós que se lles presenta, pois si todas elas tiveran feito un concenciado estudo dos nosos problemas, a istas horas e n-istes momentos poderíamos facer sin dúbida algunha algo máis que estar cos brazos cruzados.

Precisamente n-istes momentos tratamos de levar a práctica a máis grande obra que seguramente até o d-agoza leva feito a Irmandade, senon se oculta que cecais seña empresa algo soñadora, un tanto atrevida, si queredes, pero señores e d-unha transcendencia tan grande, que si agora quedase o obra en marcha—que coído quedaría—podríamos decir que puxemol-a primeira pedra da nova cultura galega.

AS ESCOLAS DO INSIÑO GALEGO

Atentos sempre a lle dar o máximo grado d-elevación cultural as xentes da nosa terra—que tan fallas d-instrución s'atopan por mor dos *nosos goberniños*—temos mentes de deixar en boa marcha as Primeiras Escolas do Insiño Galego.

Coido que vos decataredes do que significa ista nova xenial idea da Irmandade, a creación d-istas escolas trai aparelado consigo mesmo a formación d-unha lexítima mocidade de concencia en todos aqueles meniños que teñan a fortuna de ter cabida nas devanditas escolas.

As Escolas do Insiño Galego, serán a pedra angular na que descansará no futuro o movemento galego, serán os cimentos do pleno rexurdimento d'aqueles valores que temos, e que fican descoñecidos para moita xente, e que por non ter cecais vagar para elo, ou non preocuparse endexamais d-estudal-os, e que os nosos intelectuales de todos tempos no-pol-os deran a coñecer en forma axeitada e aos alcances de total-as fortunas, para que co-ilo chegaran ás mans do pobo serán o medio máis doado para dar a coñecer ás novas xeneraciós todo aquilo que como Gallegos que son lles intresa o coñecer a fondo para se decatar en todo momento das nosas gloriosas tradicións, para que poidan ter

unha orientación exacta sobre da nosa Historia, da nosa Xeografía, das nosas costumes, do noso Arte en xeneral que é por poucos coñecido e por por todos esquecido.

O sostenimento d-istas escolas terá que ser por suscricións mensuaes entre todol-os galegos — sin distinción de matices — co-a cuota que vountariamente queiran suscribirse cada mes, pol-a miña parte, e dende eiqui fago un novo chamamento aos corazóns de todol-os galegos para que contribúan có seu grao d-area ao sostenimento d-istas escolas.

Dándonos perfecta conta do que deben ser istas Escolas, a insiñanza nas mesmas será no idioma Hespagnol, botando man na nosa lingoa para o mellor enserguemento dos nenños en todos aqueles casos que o escolante o coide necesario.

Ben sabemol-os escollos que teremos de vencer para levar a cabo ista grande idea—pero si todos nos axudamos nada hai difícil—unha das cousas mais difíciles d-atopar nos primeiros momentos, sería a falla de mestres ou Escolantes, e a propósito d-isto vou deciros algo sobre o comenzo de L'Associació Protectora de L'Ensenyança Catalana, que na actualidade conta con 25.000 Protectores.

Ista asociación nos seus comenzos tivo os mesmos tropezos que nos temos, e foron os seus apuros somellantes aos nosos.

Para chegar á cubrir os seus cativos presupostos tiñan necesidade de saír ás ruas os mesmos dirixintes, e a vender publicamente, postales, folletos, insinias, bandeiriñas e moitas mais cousas de propaganda.

Tiveron a sorte d-atopar un mestre que inda hoxe o pobo catalán lle non rindió o homenaxe de que foi merecente. Iste mestre chamado Xaime Arqué Clapés tiña unha fé tan grande n-aquela primeira Escola Nacional Catalana, que dispois de rematar as horas que adicaba ao insiño, enchía os petos de exemplares da Xeografía de Cataluña e comenzaba a facer unha verdadeira peregrinación, pol-as Sociedades, Cafés Comercios, e todos aqueles sitios nos que a xente adoitaba a se reunir a cotío para ofrecelle os ditos exemplares, e agora dous, mais adiante catro, alí un, mais aló seis eiqui unha bulrra—que de todo hai n-iste mundo— alí unha surisa, mais adiante unhas verbas de estímulo, chegaba a sua casa satisfeito do deber cumprido e disposto para o seguinte día reanudar a sua labor patriótica. ¿Sabedes canto ganaba en cada Xeografía?... ¡un patacón!

¿Qué? ¿non sería posibre que nos tamén topáramos un novo Xaime Arqué, un novo patricio galego que se sintira con folgos d-abondo para facer unha labor semellante á d-iste devandito patriota Catalán?

Meus irmans: que'ra Deus que en total-as vilas e cidades nas que eistan ou poidan eistir Irmandades de Fala, teñan no seu local unha escola semellante ás nosas, e tende en conta que o axudar ás Escolas do Insíño Galego é obra santa e patriótica.

O NOSO TEATRO

Era necesario o recadar un medio de propaganda que ademais de ser froitífera, deixara semente, que entrase nos sentimentos do pobo, sin verbas estridentes e sobre todo sin loita algunha, qu fose, mais que nada, unha cousa doce e agradable, para esto non tiñamos a mau, medio mais rápido nin mais seguro que o TEATRO, e a Irmandade creou e sostén a Escola Dramática Galega, n-outroira chamada o Conservatorio Nacional de Arte Galego, dirixidos iste segundo pol-o noso irmán Fernando Osorio, que tantos triunfos deu ao Conservatorio, e o primeiro pol-o novo literato e dramaturgo galego, noso querido irmán Leandra Carré Alvarelos, cuia xurdia labor non loubarei n-istes momentos por ser ista d-abondo coñecida por todos nós.

A carga que sobre dos seus lombos botaron os componentes de Escola Dramática é realmente unha carga pesada, e unha tenacidade cuase descoñecida até o d-ahora veñen traballando un día e outro día, un ano e outro ano, n-un esforzo supremo por ben da causa, dando a coñecer aos nosos irmans que de cote honrannos coa sua presenza n-as veladas pue todol-os domingos vimos dando no noso local, e outras veces no teatro, veñen dando a coñecer, repito, todo o repertorio de obras teatraes que até o d-ahora corse ningún se preocupara de facel-as chegar ao pobo.

N-iste aspecto, compre adicarlle unhas verbas de loubanza ás donas, isas rapaciñas nosas, verdadeiras patriotas galegas, que deixando moitas festas que a cotío se lles presentan, non vacilan

endexamais un soio momento en acudir ao noso requerimento en todos aqueles actos que temos necesidade da sua axuda—que son ben a miúdo por certo.

Somentes sobre o resurrir do noso teatro, fíxose algo n-outros tempos, cando se fundou a Escola Rexional, da que foi alma e vida aquel malogrado home qu-en vida chamouse Sánchez Miño, que tantos triunfos deu ao Teatro Galego, e quen por ter un corazón grande e un forte amor á terra, finou o pobre sin se lembrar cuase ningún d-il.

A NOSA TERRA

As Irmandades, ao nacer, tiñan que ter unha relación continua có pobo, era pois comenente a creación d-un orgo de publicidade, e así vemos que no día 14 do mes de Santos do 1916, saíu as ruas o noso boletín A NOSA TERRA, valente como ningún, feito todo il na nosa lingoa; leva pois iste boletín sete anos de vida próspera, o que demostra, ainda ao mais cego, que en Galicia eiste unha forte concencia galega, porque ainda que en todol-os tempos teñen saído de cando en vez revistas galegas, feitas algunhas d-ilas en galego, pouco tempo tiveron de vida, unhas por falla de idealidade e outras por carencia de vountade nos seus dirixentes morrían ao pouco tempo de saír as ruas.

A NOSA TERRA, cando non morreu, podemos decir que endexamais morrerá, e digo que non morrerá, por que o Ideal que nos guía naceu con nosco, e vountade ben sabedes os que me escoitades que estamos plétoros d-ela.

O NOSO ARTE

O noso arte que ficaba esmorecido, vai rexurdindo novamente, pero rexurde con tal brillo e esplendor que os nosos pintores, os pintores e escultores galegos, que non se avergoñan de o ser, conquiren con relativa facilidade os primenros premios n-aquelas exposicións que denantes eran un coto pechaado para lles, e chegan a tan outos postos, porque pintan a nosa paisaxe tal cual o sinten, porque houbo necesidade de lles facer ver que na sua terra aínda eisten currunchos que poden covadearse cos millores paisaxes do mundo, que tamén temos unha smozas con caras de Santiñas, e cuas doces surrisas, ao levalas aos lenzos causarían unha verdadeira revolución pictórica; e isto que viron e que ao facelo tan bos resultados deulles aos nosos pintores, encheunos de cobiza sentimento e hoxe por hoxe son a envexa, os nosos pintores, dos artistas da Hespaña enteira.

A NOSA LINGOA

A nosa fala, que se non empregaba mais que por aqueles que de todo sacan astillas, e que somentes decían d-ela que era moi bonitiña, ao ler algún verso, hoxe decátanse perfectamente que temos un léxico tan rico como o idioma millor; saben moi ben que o galego en prosa aínda gusta mais que en verso. Véxase sinon a obra de Cabanillas "A Man de Santiña", que a pesar de estar escrita en prosa, podemos decir que toda ela é un verdadeiro poema, os que témol-a sorte de coñecer o manuscrito de "O Mariscal", podemos facer d-il o mesmo xuício que de "A Man de Santiña."

Son duas xoias de nova literatura galega, e como istos casos, meus señores, hainos a moreas.

O NOSO FOL-KLORE

¿Quén ouvía na nosa terra ningunha cantiga galega? Todo estaba apodrecido; cando os nosos mozos voltaban das festas, somentes sentíanse cantar catro chulaperías que inda facíanse mais choqueiras co sonsonete que instintivamente apricanlle os mozos ao cantal-as.

Mais ao vir o rexurdimento en Galicia d-unha cousa, tiña que vir o complemento, e-o complemento foi a creación d-ises benfeitores Coros galegos, aos que hai que lles rendir un tributo d-admiración, a nosa música popular, o noso Folklore foi recollido tan enxebremente polos coros, e tivo tan boa acollida na alma galega a cantiga da terra, que hoxe xa podemos decir que é unha verdadeira casualidade o ouvir outra cantiga nas ruas, ou nas donas, nas suas labores caseiras, e non falemos da ledicia que sentimos vellos e mozos, nenos e grandes, ao voltar das romaxes cantando todos a eito os tan doces alalás; por eso, e aínda

que os coros non fixeran mais labor qu'ista, habrían feito un ben a Galicia.

Pero non; os coros, para millor levar a cabo a súa obra patriótica deben començar por galeguizarse, e deben darse perfecta conta que están moralmente incapacitados para cantar todo aquilo que non sintan, que non poden darlle a enxebreza ás cantigas, senon se preocupan de cultivar a cotío a nosa lingua, que non é posíble o pensar en castelán e cantar en galego, senon que queiran converter aos Coros n-un número de varietés.

AS NOSAS COSTUMES

Ainda tiña a Irmandade outro punto esencialísimo que tocar: O rexurdimento das nosas costumes, ¿mais cómo començar con ista labor que tantas variantes ten na Nosa Terra e que sómentes nas pequenas vilas e cidades e montañas eran aínda respetadas e conservadas en toda a súa pureza ¿como erdo d-unha gloriosa tradición? sómentes víamos un medio có que podíamos amosstrar i ensinar ás novas e futuras xeneracións, as costumes e tipos da Raza Galega, e iste medio é o TEATRO.

O Noso Teatro. Para ninguén e un segrado que o noso teatro ficaba en embrión, había algo feito, un pouco bon, moito malo, era necesario botar man d-íl, si queríamos facer revivir as osas típicas e enxebres costumes, porque ademais dábase ó caso, de que a maioría dos nosos dramaturgos, salvo honrosas esceicións, non habían feito senón choqueiradas, nos que, mais ben qu-enaltecer as nosas costumes ao levalas ao teatro, ó que facían eran ridiculizalas en grado sumo pol-a forma *chabacana* en que os persoaxes tiñanse que manifestar nas difrentes obras que había escritas con tal fin; e así vemos que paseniño, paseniño, fomos dando o traste có aquelas obras choqueiras, sustitundo-as por aquelas de bon gusto e que están ademais en consonancia cós tempos que corremos.

D-iste xeito vimos na Galicia rexurdir un teatro noso, propio, sin somellanzas nin copias de ningún outro, onde os nosos dramaturgos podían contar fixamente que ao facer as obras, había tamén de contar con cadros de declamación ben disciplinados que lle sabrán sacar a obra en tod-o momento o millor partido posíble, xa pol-os méritos propios d-as obras, xa pol-a boa fé e vountade que cada un poñía no seu papel a facer, así como tamén por estar todos íles ategados d-un amor á terra e as suas costumes que todos coidaban comenente rexurdir.

Y en pouco tempo, ademais d-aqueles homes xa consagrados ao arte escénico, como Lurgis—verdadero precursor—Carré Aldao, Galo Salinas e algún outro, sairon á palestra con novas modalidades e concesións, e con orientacións tamén novas—algús d-íles — Cabanillas, Cotarelo, San Luis, Carré Alvarellos, Quintanilla, Prado (Lameiro) Charlón e Hermida, e moitos outros que me non lembro n-istes momentos.

Por ista banda podemos sentir satisfeitos todol-os Galegos, xa que sin dúbida algunha o teatro, foi e é, o medio mais axeitado que tiñamos para o encumbramento das nosas costumes e ademais será unha das labores que ficarán feitas para *in secula seculorum*.

• ¿Que mais podría en decirvos das costumes, tan típicas nosas, por ter un sello d-enxebreismo inconfundible, que xa no-no coñozades d-abondo? ¿si na nosa literatura demos un pulo tan grande como xa fica dito, si os nosos coros fan tan xurdía labor, si o noso teatro camiña a pasos axigantados, e si en todos istos difrentes aspectos, van tratados de unha forma ou d-outra as nosas costumes, si en todol-os escritos óllase algo das nosas tradicións, si nos coros vemos rexurdir plenamente a nosa típica vestimenta, si pol-as taboadas dos escenarios vemos un con-

tinuo desfile dos nosos mozos, dos noso vello petrucio, e enraizados en todos íles a nosas costumes, e non queda ben reseñada a labor que desenrolamos por medios directos e indirectos para conquistar o que sobre o rexurdimento das nosas costumes, nos propuxemos ao començar a súa labor as Irmandades, e mais aínda si temos en conta aquilo—de que...todol-os medios son bós para chegar ao fin... non cabe dúbida algunha de que soupemos sacar o millor partido posíble, dentro dos medios que ao noso alcance estaban para chegar ao fin.

— A LABOR DAS IRMANDADES EN CONXUNTO —

¡Ah! pero a todo isto aparecen ante nós, esa xente qu-en todas partes abunda, aquela xente que nin fai nin deixa facer, ista xente é a que a cotío fártase de decir que a nosa labor se non vé por ningures, que a Irmandade non fai labor algunha, que a comenzo (cando se rían de nós) aínda de cando en vez facíase algún auto: Y eu pregunto, señores: ¿hai, houbo e cicais habrá algunha entidade que leve feito por Galicia tanto como nós fixemos no pouco tempo que leva a Irmandade de vida? en sete anos, señores levamos feito por Galicia mais labor galeguizante que total-as entidades xuntas que na nosa terra houbo en todol-os tempos. Endexamais en Galicia imprentaronse tantas follas en Galego como dende que se fundou a Irmandade, e non sómentes follas, ¿e que non se lle debe a Irmandade a creación de revistas como "Nós", de Ourense, e "Terra", de Bós Aires? ¿e que non se lle debe a Irmandade o periódico "Rexurdimento", o boletín A NOSA TERRA, a revista "Alborada", a novela mensual "Céltiga", o compendio da "Gramática Galega", a formación d-un algo de Galeguismo en xornaes como "El Noroeste", "La Zarpa" e Galicia? ¿e que os mesmos coros Galegos non son un froito da Idealidade que nós soupemos inculcar ao pobo e d-iso nasceron os Coros? ¿Non imos crear as primeiras Escolas do Insiño Galego? ¿e que en moitos Pazos dos Concellos Galegos non oudeou a carón da bandeira da Hespaña a nosa bandeira azul e branca? ¿Non se canta hoxe en toda Galicia o noso Himno?

Pois señores, si todo isto fixemos Nós, e que moito mais aínda que me non lembro agora, si nos conquistamos para a nosa terra aquela gloria que n-outroa tivo, si conseguimos que hoxe por hoxe se fale de Galicia no resto da Hespaña e nas Américas de difrente xeito que se facía fai oito anos? debemonos sentir orgullosos, debemos dar por ben feito o noso traballo e non desmaiar por nada qu-o trufos será dos derradeiros, e si toda isa xentuzza que non fai senón censurar, axudar, inda que non fora mais qu-económicamente, moito mais poderíamos facer... outro galo nos cantara.

Quedamos pois en que todo aquilo que n-un comenzo vos dixen que ficaba esmorecido, vaise facendo, quedamos tamén en que na Galicia cando tod-o noso ibase esvaíndo, xurdiron, —para ben da terra— as Irmandades da Fala as que recollendo no seu programa todos aqueles puntos que deixei reseñados e que figuran nos programas das nosas históricas Asambleas, fixeran o milagre de facer revivir a Galicia de novo, tan forte, tan puxante en todos aqueles aspectos característicos, como n-aqueles tempos en que Galicia era considerada como realmente se merecía, como verdadeiramente tiña e ten dereito á ser.

Y estando satisfeitos, como estamos, do dereito de haber comprido có noso deber temos tamén dreito a recadar para Nós o nome de *bós e xenerosos* có que o noso bardo Pondal desinaba a aqueles Galegos que puxeran *todo* na súa vida en col do rexurdimento da Nación de Breogán.

NOS TEMPOS PRESENTES

Co-a labor feita pol-as Irmandades nos sete anos que levamos de vida, labor valente e rexa como coido que demostrei no que denantes dixen, chegamos aos tempos atuais da Hespaña que tantas glorias nos cantaron d-ela e que pouco a pouco debido ao apodrecido que estaba todo, hoxe víamola desfacer debido a que os gobernantes que até o d- agora tivemos, fixeron ouvidos de xordo a total-as predicións que lle facíamos de cote, nós, e como nós todas aquelas rexiós que pol-as suas propias características da raza, lingoas costumes e demais, pol-o seu ben co noso ao mesmo tempo, tiñamos ben definido a nosa personalidade inconfundible, e que eles ¡mal poados! estaban incapacitados para nos entender, debendo saber que todo canto nos pe-

O doctor galego D. Enrique Hervada, no seu libro "La lucha antituberculosa en Galicia", quita a conclusión seguinte:

"Pensar que non temos na nosa Rexión ningún amparo do Poder público, ante unha infección que, según os datos oficiais, causa na Galicia 4.000 DEFUNCIÓNS ao ano e danos un quebranto de 200.000.000 DE PESETAS, capitalizando o valor social das vítimas, que no ano prodúcenos a tuberculosis."

díamos e decíamos para as nosas respectivas terras en ben da Patria habría de resultar ao fin, mais como eles non foran endexamais capaces de entendernos, e tomaron sempre a cousa polo lado que sómentes a eles conviñalles, chegou un momento na Historia da Hespaña, non que se non podía dar un paso mais, sin ficar metído-l-os pés no fango, na lameira que eles cós seus pobos foron facendo ao redor do Estado, nas diferentes xeneracións que en herdo foron deixando de pais a fillos, de abós a netos.

Nós, co-a nosa labor cotidiana soupemos abrírnos paso dentro d-un Estado en ruínas, Nós soupemos crear en Galicia unha concencia Galega, Nós fixemos un culto sagrado de todo o noso e conquerimos un gran fato de créntes, Nós loitando un día e outro día, un ano e outro ano, en contra de cousas casi seculares vencimos nos diferentes aspectos, que nos propuxemos vencer... e en pago de toda esa labor, que sómentes gabanzas d-ela debíase facer, recibimos paus de cego por nos atrever a non querer deixarnos morrer por inación como o resto da Hespaña, eles en troques, tendo a forza do poder nas mans, tendo o tesouro aberto para o que quixera, tendo todol-os qu-un Estado por mans dos gobernantes non foron capaces de facer o que individualmente fixemol-os Galegos, Vascos e Catalans.

Agora que d-endo poder din que vaise a dar unha proba de respecto a vontade dos cidadans e unha manifestación de xusticia, non direi que pura, pura porque a tanto non chegará aínda a humanidade cand-o poder — repito — intentase redimir e en parte está redimíndose de faltas cuase seculares, é necesario que os homes de todal-as diferentes terras da Península digan si están dispostos a desbotar de si todos aqueles perxurios que unhos mais que outros, cuasi todos tiñamos denantes para poder chegar de feito, a nos xuntar n-unha forte entidade na que collamos todos, para rematar d-unha vez para sempre o caciquismo parásito que nunca coidamos de velo desaparecer tan axiña como se vai indo, e que existiu moitas das veces por complicidade unhas, e outras por abandono, e si despois de todo isto volvera a rexurdir de novo que non nos colla co-as mans no peto e con elo non poidan decir as novas xeneracións que todos puxemos as mans n-elo; compre pois o facer axiña unha xurdía campaña Galega en col de todo aquilo que nos vimos pídindo tod-a vida, e xa chegado o momento de xuntar na nosa terra a que todos aqueles homes que sin outros méritos nin condicións, que ser Galegos e amantes da súa terra, que non teñan mais cobiza que o engrandecimento de Galicia, e chegado o momento, repito, de nos xuntar e n-un supremo esforzo en ben da Patria facer ver ao resto da Hespaña e por ende aos nosos gobernantes o que queremos o que nós, e con nós toda Galicia, coidamos que necesitamos para millor sobrelevar-a vida, até chegar a que se recoñeza por todo o mundo os deberes e dereitos que nós e para nós queremos e teremos.

Precisamos camiños de ferro, pois é unha vergoña sin precedentes, que Galicia esté xunguida ao resto do mundo por un soio camiño de ferro, cuio tren chega a Cruñafi cando boamente pode chegar.

Precisamos que a terra se libere d-unha vez para sempre dos foros que tanto sangue leva costado aos nosos labregos.

Precisamos que desaparezan as autuas Diputacións Provincias, verdadeiros e únicos focos do caciquismo.

Precisamos, que no orde municipal, modifíquese a actual lei, maormente nos concellos ruraes, recoñecendo a personalidade da Parroquia, por ser n-este aspecto o noso agro diferente ao resto da Hespaña.

Precisamos para a muller, os mesmos dereitos civís e políticos que o home.

Mui especialmente n-istes aspectos, non podemos agardar a que istas cousas sexan resoltas por leises xeneraes, pois nosos problemas nada temos que ver co-as comenencias d-outras rexións que cicais precisaran leises e reformas diferentes.

Isto pedimos e precisamos de momento como programa mínimo, pois d-abondo sabe todo mundo cal e o noso programa e cales as nosas aspiracións que foron espalladas pol-a terra a raíz das nosas asambleas, combatidas e comentadas pol-os diferentes rexionalistas que agora van xurdindo na nosa terra.

Vou rematar—siñores—dicindo unha vez mais que as Irmandades aínda non fracasaron, nin moito menos, *os cregos levar século, dicindo sempre o mesmo, e aínda non pasaron de todo de moda.*

Nos levamos feito unha xurdía labor Galeguizante, Nós fixemos exposicións d-arte, cursos de conferencias, concursos literarios e científicos, impreamos obras d-autores Galegos, figuramos en primeira liña n-as campañas anticaciquis, sosténdo e defendendo sempre os intereses dos labregos, mariñeiros e traballadore en xeral axudamos a todo canto se faga en ben de Galicia, fixemos propaganda pública en mítis e conferencias, loitamos nas eleccións arredados de todol-os partidos, e a pesar de toda esta grande labor non conquerimos aínda cuase nada para a nosa querida terra, e si agora n-istes momentos que son, ou poide-ran ser decisivos, non nos xuntamos todos n-un forte abrazo de Irmans recadando para nós o que todos cobizamos, cometeríamos unha falla tan grande que ceais non-nos perdoarían as novas xeneracións, co-as que temos a obriga contraída moral e materialmente de donarlles unha liberdade que para nos quixeramos e que para elas debe chegar pol-o noso esforzo, si todos nos queremos donar a NOSA TERRA aquilo do que e merecente, e ten en conta que *é indecente un remordimento de concencia.*

Quixen falar de Nós e para Nós, quixen deciros unha vez mais o que todos sabedes, quixen ter unha miga de conversa con todos vosoutros; o que eu non quixen ou pol-o menos non pensei, foi entretervos tanto tempo e por iso pédivos mil perdós e presento as miñas excusas.

TEOFILO BRAGA

Xa composto este número chéganos a noticia da morte do ilustre historiador e crítico portugués Teófilo Braga.

Nós, admiradores do gran pensador, do gran político, que foi o primeiro presidente da República portuguesa, sentimos toda a tristura que para o país irmán ten a perda d'un home do talento e do valer de Teófilo Braga.

El foi autor, entre outras obras importantes, da "Historia Popular de oPrugal", "Visão dos Tempos", "A grande Epopeia dum pequeno Povo", "Sistema de Sociología" e a monumental "Historia da Literatura portuguesa".

Sen espazo para mais, non queremos deixar de poñer de manifesto o noso dô pol-o falecemento d'un home que tanto relevo atinxiu entre a intelectualidade portuguesa.

Fume vostede con papel

NOROESTE

Tip. EL NOROESTE.—Real, 26.—Coruña


A tuberculosis produce anualmente na nosa rexión mais de catro mil vítimas

ACABA DE SAIR

“La Lucha Antituberculosa en Galicia”

do Dr. Hervada, que é a obra mais completa que se fixo no noso país encol d'aquela enfermidade

Precio TRES pesetas.— De venda nas principás Librerías.



Edificio do 'Kiosco Alfonso' - Paseo de Méndez Núñez

Kiosco Alfonso

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez
E o preferido do público. O mellor local de verano

Gran Restaurant NO PISO ALTO

Fermoso Salón-Comedor
Luxosa instalación
Servicio esmerado

Cuberto: 4'50 pesetas

BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérica, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hispanos e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes:

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	à vista.
2 1/2	por	100	id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id.	a 6 id.
3	por	100	id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionais.

Banco Español del Río de la Plata

sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incluída prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursales nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano.	4	»	»
A máis prazo			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

Vida Marítima e Comercial



Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien) HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos
do **BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES**
PROISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

GENERAL BELGRANO 3 de Marzo

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio en Cámara..... Libras 42,10
Precio do pasaxe en terceira crás..... 422'60 ptas.
Idem en camarotes pechados 442'60 »

(Incruidos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: *Roxelio Fernández Conde.*—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.*

Precio en terceira crás
(incruídos impostos)

Correo rápido	Orania	23 Febrero	442,60 ptas.
Correo rápido	Flandria	15 Marzo	442,60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiros de 1.^a, intermedia e 3.^a crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuartos de baño, duchas, etc., levando para servicio dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cocinheiros hespañoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maores de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións argentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Agente general da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.^{ña}

Casa central: A CRUNA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78
Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1 Teléfono 253

DISPONIBRE